



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Método científico e Saude Pública	Código	750G02011	
Titulación	Grao en Podoloxía			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Ciencias da Saúde			
Coordinación	Pértega Díaz, Sonia	Correo electrónico	s.pertega@udc.es	
Profesorado	Delgado Doblete, Laura Pértega Díaz, Sonia Saleta Canosa, Jesus Luis Seoane Pillado, María Teresa	Correo electrónico	I.delgado@udc.es s.pertega@udc.es jesus.luis.saleta.canosa@udc.es maria.teresa.seoane.pillado@udc.es	
Web	moodle.udc.es			
Descrición xeral	<p>Coñecer os conceptos básicos de bioestatística e a súa aplicación. Coñecer os principios do método científico, a investigación biomédica e o ensaio clínico. Concepto, método e uso da epidemioloxía.</p> <p>Adquirir o concepto de saúde e enfermidade. Coñecer os determinantes da saúde na poboación. Desenvolver os factores que inflúen no fenómeno saúde-enfermidade. Deseño de protocolos de prevención e a súa aplicación práctica. O sistema sanitario en España e a súa xestión. Saúde pública e organización sanitaria. O equipo multidisciplinar e interdisciplinar.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A8	Adquirir o concepto de saúde e enfermidade. Coñecer os determinantes da saúde na poboación. Desenvolver os factores que inflúen no fenómeno saúde-enfermidade. Deseño de protocolos de prevención e a súa aplicación práctica. Saúde pública e organización sanitaria. Concepto, método e uso da epidemioloxía.
A10	Coñecer, valorar criticamente e saber utilizar as tecnoloxías e fontes de información biomédica, para obter, organizar, interpretar e comunicar información científica e sanitaria. Coñecer os conceptos básicos de bioestatística e a súa aplicación. Usar os sistemas de busca e recuperación da información biomédica e comprender e interpretar criticamente textos científicos. Coñecer os principios do método científico, a investigación biomédica e o ensaio clínico.
A57	Aplicar os métodos de investigación e preparación científica.
A58	Adquirir a capacidade crítica sobre publicacións científicas.
A59	Adquirir a capacidade de comunicar nos foros científicos os avances profesionais.
B1	Aprender a aprender.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B12	Capacidade de xestión da información.
B19	Capacidade de aplicar os coñecementos na práctica.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Identificar e describir as características metodolóxicas da investigación cuantitativa	A8 A10 A57 A58 A59	B1 B3 B12 B19	C6 C8
Comprender os elementos necesarios para a execución dun estudo clínico-epidemiolóxico	A8 A10 A57 A58 A59	B1 B3 B12 B19	C1 C3 C6 C8
Describir e utilizar os métodos estatísticos mais frecuentes en estudos da área de Ciencias da Saúde	A8 A10 A57 A58 A59	B1 B3 B12 B19	C1 C3 C6 C8
Coñecer os determinantes da saúde na poboación	A8	B1 B3	C1
Desenvolver os factores que inflúen no fenómeno saúde-enfermidade. Deseñar protocolos de prevención e a súa aplicación práctica.		B19	
Coñecer o concepto de saúde pública e organización sanitaria	A8		

Contidos	
Temas	Subtemas
UNIDADE I. Epidemioloxía	1.1 Plan xeral dunha investigación 1.2. Estrutura e planificación dun proxecto de investigación 1.3 Mostraxe. Tipos de mostraxe 1.4 Tipos de estudos epidemiolóxicos 1.5 Medidas de frecuencia da enfermidade 1.6 Medidas de asociación. Medidas de impacto 1.7 A decisión clínica. Significación estatística vs relevancia clínica 1.8 Aplicación dos estudos transversais á práctica clínica 1.9 Concordancia diagnóstica. Índice Kappa 1.10 Validez e precisión dos estudos epidemiolóxicos
UNIDADE II. Estatística	2.1 Concepto de estatística. Variables 2.2 Tabulación e representación gráfica das variables 2.3 Análise descritiva dos datos. Medidas de tendencia central e de dispersión 2.4 A curva Normal. Características e aplicacións 2.5 Estimación de parámetros. Cálculo do tamaño da mostra 2.6 Inferencia estatística 2.7 Relación entre variables categóricas. Proba de ji-cadrado 2.8 Comparación de medias 2.9 Análise da varianza 2.10 Regresión lineal e regresión loxística
UNIDADE III. Saúde Pública	3.1 A saúde e os seus determinantes 3.2 Modelos explicativos do proceso saúde-enfermidade 3.3 Deseño de protocolos de prevención 3.4 Sistema sanitario español

## Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Prácticas a través de TIC	A8 A10 A57 A58 A59 B1 B3 B12 B19 C1 C3 C6 C8	21	21	42
Proba mixta	A8 A10 A57 A58 A59 B1 B3 B12 B19 C1 C3 C6 C8	2	0	2
Sesión maxistral	A8 A10 A57 A58 A59 B1 B3 B12 B19 C6 C8	21	42	63
Solución de problemas	A8 A10 A57 A58 A59 B1 B3 B12 B19 C1 C3 C6 C8	0	20	20
Lecturas	A8 A10 A58 A59 B1 B3 B12 C6 C8	0	20	20
Atención personalizada		3	0	3

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC	Actividade na que os alumnos deberán aplicar a teoría da materia a datos reais mediante a utilización de ferramentas informáticas. Traballarase na aula de informática mediante o programa estatístico SPSS, apoiándose en outras ferramentas ofimáticas e de análise de datos epidemiolóxicos, así como recursos web. Os alumnos aprenderán a elaborar unha base de datos e realizar diferentes análises estatísticas, incidindo na proba estatística máis axeitada en cada caso e a interpretación dos seus resultados.
Proba mixta	Ó finalizar o curso realizarase unha proba escrita que combinará preguntas de resposta múltiple, resposta breve e a resolución de exercicios de análise estatística de datos e interpretación de resultados, sobre os contidos desenvolvidos na materia.
Sesión maxistral	Exposición oral apoiada no uso de medios audiovisuais e preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Solución de problemas	Plantearase ós alumnos diferentes problemas que deben resolver de xeito individual mediante a aplicación dos coñecementos traballados no resto da materia
Lecturas	Textos e artigos científicos que se proporcionarán para a lectura por parte dos alumnos, coa finalidade de que estes podan afondar nos contidos traballados no resto da materia

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas a través de TIC Solución de problemas	Nas prácticas na aula de informática procurarase que cada alumno traballe de forma autónoma, utilizando diferentes ferramentas de análise estatística e de análise de datos epidemiolóxicos. O profesor supervisará o traballo personal de cada alumno, resolvendo as dudas que podan plantear durante o desenvolvemento das prácticas.  Para cada unha das tarefas propostas, o profesor supervisará a resolución da mesma e resolverá as dudas que os alumnos podan plantexar

Avaliación
------------



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Proba mixta	A8 A10 A57 A58 A59 B1 B3 B12 B19 C1 C3 C6 C8	Ó finalizar o curso realizarase unha proba escrita que combinará preguntas de resposta múltiple, resposta breve e a resolución de exercicios de análise estatística de datos e interpretación de resultados, sobre os contidos desenvolvidos na materia.	80
Solución de problemas	A8 A10 A57 A58 A59 B1 B3 B12 B19 C1 C3 C6 C8	Durante todo o curso plantearase ós alumnos diferentes problemas prácticos que deben resolver de xeito individual mediante a aplicación dos coñecementos traballados no resto da materia. Estes problemas deberán entregarse resoltos ó profesor da asignatura, valorándose: - A entrega da totalidade dos traballos propostos - A adecuación das respostas proporcionadas - A presentación e a claridade na descrición dos resultados - A utilización das ferramentas informáticas e os recursos web axeitados para a resolución do problema	20

### Observacións avaliación

A avaliación final da asignatura realizarase segundo as seguintes porcentaxes:

- PROBA MIXTA ..... 80%
- SOLUCIÓN DE PROBLEMAS ... 20%

Para poder superar a asignatura é imprescindible obter unha nota superior ó 50% da puntuación máxima que se pode acadar tras sumar as puntuacións de cada un dos dous aspectos anteriores.

Os alumnos de segunda convocatoria (Xullo), os alumnos con matrícula a tempo parcial ou aqueles en convocatoria adiantada serán sometidos ó mesmo sistema de avaliación. Se así o indican, poderán optar porque a nota final da asignatura corresponda no 100% á nota obtida na proba mixta.

Esta decisión deberán comunicarlle ó profesor responsable da asignatura no momento de realización do exame.

Non presentado. Considerarase "non presentado" a calquer alumno que non se presente á proba mixta.

Matrícula de honra: outorgarase ós alumnos que, obtendo calificación de 9,5 puntos ou superior, teñan as puntuacións máis elevadas e, en caso de empate, outorgaráselle ó que obteña unha maior puntuación na proba mixta.

Para axudar a conseguir un entorno inmediato sostible e cumprir o obxectivo estratéxico 9 do "I Plan de Sostenibilidade Medio-Ambiental Green Campus FCS", os traballos documentais que se realicen nesta materia maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático. De realizarse en papel:

- a.- Non se empregarán plásticos.
- b.- Realizaranse impresións a dobre cara.
- c.- Empregarase papel reciclado.
- d.- Evitarase a impresión de borradores, moi especialmente en cor.

### Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	- - Norman y Streiner (1996). Bioestadística. Mosby / Doyma - Piedrola Gil (2008). Medicina preventiva y salud pública 11ª edición. Elsevier Masson - - Argimón Pallás JM, Jiménez Villa J (1999). Métodos de investigación clínica y epidemiológica. 2ª ed. HARCOURT - <a href="http://www.fisterra.com/formacion/metodologia-investigacion/">http://www.fisterra.com/formacion/metodologia-investigacion/</a> ( ). .
<b>Bibliografía complementaria</b>	- ( ). Material didáctico sobre metodología de la investigación y estadística de la Unidad de Epidemiología Clínica y Bioestadística del Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña. <a href="http://www.fisterra.com/mbe/investiga/index.asp">http://www.fisterra.com/mbe/investiga/index.asp</a>

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Sistemas de Información e Comunicación en Ciencias da Saude/750G02010
Materias que continúan o temario
Traballo de fin de grao/750G02036
Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías